

LA NOCHE DEL PATRIMONIO

21 Sep
2019

LA NIT DEL PATRIMONI A NOITE DO PATRIMONIO



Ciudades
Patrimonio
de la Humanidad
ESPAÑA | UNESCO



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



Patrimonio Mundial
en España

Alcalá de Henares / Ávila / Baeza /
Cáceres / Córdoba / Cuenca / Ibiza-Eivissa
Mérida / Salamanca / San Cristóbal de
La Laguna / Santiago de Compostela
Segovia / Tarragona / Toledo / Úbeda

by BOAMISTURA

A declaración de Patrimonio Mundial é unha distinción que outorga a UNESCO a aqueles bens e lugares con características de excepcional valor que os fan únicos no mundo. Para España, como terceiro país con 47 inscricións na Lista de Patrimonio Mundial, este acontecemento reviste unha especial importancia e pon de manifesto o extraordinario valor do patrimonio cultural do noso país.

O **Grupo de Ciudades Patrimonio de la Humanidad de España** é unha asociación sen ánimo de lucro declarada de "Utilidade Pública" que está formada polas quince cidades españolas declaradas Patrimonio Mundial: **Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Ibiza / Eivissa, Mérida, Salamanca, San Cristóbal de La Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo e Úbeda**. O noso obxectivo é o traballo coordinado e conxunto destes concellos a favor da conservación e promoción do inxente patrimonio histórico e cultural destas cidades, que son unha auténtica referencia internacional en turismo cultural e que enriquecen e reforzan a marca España.

En 2018, coincidindo coa celebración do XXV aniversario da creación, o Grupo puxo en marcha **La Noche del Patrimonio. La Nit del Patrimoni. A Noite do Patrimonio**, un evento que supuxo un gran éxito mediático e de participación, e que coa súa denominación, supón unha homenaxe ás culturas e linguas de todas as cidades do Grupo, que representan a diversidade e riqueza do noso país. A segunda edición de La Noche... terá lugar o sábado 21 de setembro e estará estruturada en tres seccións: a danza será a protagonista en todas as súas formas e idades (Escena-Patrimonio), xornadas de portas abertas de monumentos (AbertoPatrimonio), e unha gran oferta de actividades culturais e de ocio nos nosos cascos históricos (VivePatrimonio).

Será unha gran festa simultánea do Patrimonio con vocación participativa e social, unha celebración colectiva de veciños e visitantes para poñer de manifesto o orgullo que senten estas 15 cidades por traballar xuntas a favor do interese común e, sobre todo, por ser **Cidades de toda a Humanidade**.

Esperámosvos!

Alcaldes e Alcaldesas do Grupo
de Ciudades Patrimonio de la Humanidad de España

ESCENA PATRIMONIO

Cláudia Dias.

SEGUNDA-FEIRA: ATENÇÃO À DIREITA

Espectáculo de danza contemporánea.

Praza da Quintana.

22.00 h. Entrada libre.



Cláudia Dias, co artista invitado Pablo Fidalgo, propón unha reconstrución dun combate de boxeo, cos puños ben apretados, un contra o outro, loitando coa palabra, literal e metafooricamente falando. O ring da paso á metáfora. A loita ten varios bloques de máis ou menos 30 preguntas sobre a distancia e a proximidade, a complicidade, a intimidade, e a diferenza; sobre por qué as cousas son como son, por qué somos como somos. En total, hai máis de 200 preguntas, interpretadas en vivo. Cada cuestión é un gancho ou dereitazo; palabras que nomean partes de combate e que pode conducir ao KO. OK.

Cláudia Dias comezou a súa carreira como intérprete no Almada Dance Group. Formou parte do colectivo Ninho de Víboras. Colaborou con Re.Al como intérprete central na estratexia de creación de João Fiadeiro e no desenvolvemento, sistematización e transmisión da técnica de composición en tempo real. Actualmente desenvolve o proxecto Sete Anos Sete Peças, un programa a longo prazo que ten como obxectivo contrarrestar a idea dun futuro precario ou ausente. Como parte deste proxecto, estreouse a peza *Segunda-Feira: Atenção à Direita* (2016), *Terça-Feira: tudo que é sólido dissolve-se no ar* (2017) e *Quarta-Feira: O tempo das cerejas* (2018). A finais de 2019 estreará a peza *Quinta-Feira* coa artista invitada Idoia Zabaleta. O traballo de Cláudia Dias foi invitado por diversas estruturas, teatros e festivais nacionais e internacionais.

FICHA ARTÍSTICA

Concepto e dirección artística:
Cláudia Dias

Textos: Cláudia Dias y Pablo Fidalgo
Lareo

Performers: Cláudia Dias, Jaime
Neves, Karas

Ollo externo: Jorge Loureiro Figueira

Coach de Thai Boxing: Jaime Neves

Dirección técnica: Nuno Borda de
Água

Diseño de escena e iluminación:
Thomas Walgrave

Fotografías: José Caldeira

Producción: Alkantara

Coproducción: Alkantara, Goethe
Institut, Maria Matos Teatro
Municipal, Teatro Municipal do Porto,
Noorderzon Performing Arts Festival

Distribución: Something Great (Berlin
- DE)

Co apoio de: NXTSTP/Programa
Cultura da UE, Câmara Municipal de
Almada, Fundação GDA, Fundação
Calouste Gulbenkian



Cultura Portugal
17ª Mostra da
Cultura Portuguesa



Asesoramento e coordinación
artística Escena Patrimonio:
Lorenzo Pappagallo

Curaduría en colaboración con:

materiais | diversos

www.materiaisdiversos.com



ABERTO PATRIMONIO

CLAUSTRO PROCESIONAL DE SAN MARTIÑO PINARIO,

19.00h. Entrada gratuíta ata completar capacidade.

CONVERSAS NO CLAUSTRO. "RETOS DAS CIDADES PATRIMONIO DA HUMANIDADE NO ANO 2020".

Modera: Mercedes Rosón.
Concelleira de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela.

Participantes:
David Barreiro. Investigador del Incipit.

Ángel Rosado. Xerente do Grupo de Ciudades Patrimonio de España.
Belén Hernández. Xerente do Consorcio de Santiago de Compostela.

VIVE PATRIMONIO

VISITAS GUIADAS EN SAN MARTIÑO PINARIO.

Entrada por San Francisco. Visita ás cuadras, patio da cociña e a horta de San Martiño Pinarío.

Ás 20.00 e ás 20.45 h. Duración da visita: 30 minutos.

Reserva de prazas:

spicompostela@gmail.com





www.ciudadespatrimonio.org

Coordinación:
Comisión de Educación e Cultura do Grupo
de Ciudades Patrimonio de la Humanidad de España

